



## O PSdeG de Guntín denuncia o risco de que o transporte escolar deixe de acceder a pobos polo "pésimo estado" das rúas que o PP rexeitou arranxar no pleno

**Os socialistas levaron ao último pleno unha moción para o arranxo das pistas en peor estado do concello, que foi tumbada polo grupo de goberno, e agora os responsables do transporte alertan de que non poderán transitar por elas**

**"É lamentable que os responsables de arranxar estas rúas voten en contra do que é a súa responsabilidade, e máis aínda que o alcalde, que é deputado provincial, vaia sacar a foto a Antas de Ulla para protestar para que arranxen carreteras alí, e despois vote en contra de arranxar as súas", critica o voceiro José Luis Rodríguez**

O Grupo Socialista de Guntín denuncia o risco de que o transporte escolar deixe de acceder a zonas de poboación do concello ante o "pésimo estado" dalgunhas rúas. Varios veciños trasladáronlles a súa preocupación aos socialistas despois de que responsables deste transporte lles aseguraran que, de seguir así a situación, non poderán entrar nalgúns pobos a recoller os seus fillos. O voceiro socialista, José Luis Rodríguez López, lembra que o PSdeG levou ao último pleno de 2012 unha moción para o arranxo das pistas en peor estado do concello, e que o PP votou en contra. "É lamentable que os responsables de arranxar estas rúas voten en contra do que é a súa responsabilidade, e máis lamentable é aínda que o alcalde, que é deputado provincial, vaia sacar a foto a Antas de Ulla para protestar para que arranxen carreteras alí e despois vote en contra de arranxar as súas", critica o socialista.

Hai unhas semanas, o PSdeG percorreu as vías de comunicación do concello para comprobar "in situ" o seu deterioro despois de recibir reiteradas queixas dos veciños. Debido a esta situación, "e en vista de que co inverno se deteriorarán aínda máis", presentaron unha moción no último pleno de decembro para o arranxo das que se atopan en peor estado con tratamento bituminoso en quente e limpeza das cunetas. "Sen prexuízo de que poidan ser incluídas outras", os socialistas alertaron sobre a situación dos accesos a San Cibrao-Gomelle ata o límite do Concello de Lugo, os accesos a Bustelo e Constante e nos núcleos desas parroquias, a carretera de Francos a Navallos, "con grave deterioro dende hai moito", os accesos a Lamela, Zolle-Fontao e Vigo de Zolle. O PP rexeitou a moción.

Lugo, 4 de decembro de 2012

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas  
Directora de Comunicación  
628 179 013  
psoeprovinciallugo@gmail.com